

Declaracións de Mar Barcón en Cee

“Onde outros só deixaron chapapote e mareas negras o Goberno de Emilio Pérez Touriño investiu máis de 600 millóns de euros en desenvolvemento, infraestruturas, emprego e benestar”



“Despois de desaparecer durante medio verán, Feijoo ven agora anunciando conflitos lingüísticos; será porque os van provocar eles, xa que as guerras as anuncian os que as provocan”

“O PP mantén a liña de incoherencia propia do seu partido, xa que mentres Rajoy anuncia posibles pactos co BNG, Feijoo veos moi difíciles. Eso sí, ambos están de acordo nunha cousa: que o PP perderá de novo as eleccións”

Cee, 24 de agosto de 2008.- Na festa que hoxe está a celebrar o PSdeG na área recreativa de Tova de CEE, a Secretaria de Organización, **Mar Barcón**, destacou que “onde outros só deixaron chapapote e mareas negras o Goberno de Emilio Pérez Touriño investiu máis de 600 millóns de euros nesta lexislatura. Onde outros só deixaron palabras e abandono, o goberno socialista investiu en infraestruturas, na autovía, no porto, creou un plan de emprego e un plan de turismo. Accións que demostran o compromiso do Partido Socialista e do Presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, coa Costa da Morte”.

En declaracións aos medios de comunicación, e preguntada polo posible adianto electoral, Mar Barcón manifestou que “esa é unha atribución do Presidente. O Goberno galego e o Presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, traballaron durante todo o verán, presentándolle ao Goberno de España os criterios necesarios para Galicia en canto á financiación autonómica; para obter por cuarto ano consecutivo o oito por cen dos Orzamentos Xerais do Estado, e para concretar co Presidente do Goberno central, José Luís Rodríguez Zapatero, as datas da chegada do AVE a Galicia. E mentres eles traballaban, o Sr. Núñez Feijoo marchou a un longo veraneo, polo que agora cóstalle seguir o fío da vida política”.

Na Costa da Morte, a Secretaria de Organización, Mar Barcón, lembrou que onde o PP só deixou chapapote o Goberno de Emilio Pérez Touriño investiu en desenvolvemento, infraestruturas, emprego e benestar”.

Barcón dixo ademais que “despois de desaparecer durante medio verán, Feijoo ven agora anunciando conflitos lingüísticos; será porque os van provocar eles, xa que as guerras as anuncian os que as provocan”.



Partido dos Socialistas de Galicia
Comisión Executiva Nacional Galega
Oficina de Prensa
Rúa do Pino, 1-9 baixos
15704 Santiago de Compostela
Tfno. 981552030 Fax: 981588708

Indicou tamén Mar Barcón que “o PP mantén a liña de incoherencia propia do seu partido, xa que mentres Rajoy anuncia posibles pactos co BNG, Feijoo veos moi difíciles. Eso sí, ambos están de acordo nunha cousa: que o PP perderá de novo as eleccións”, sentenciou.